

PAC. Comezan a pagar as PACs atrasadas por parcelarias tralas denuncias do SLG ▶ 7

MULLERES. O SLG esixe solucións á violencia que se ceba coas mulleres do rural ▶ 21



APICULTURA Concentración no centro comercial das Cancelas
Campaña de mobilizacións a escala estatal para esixir
unha etiquetaxe transparente para o mel ▶ 4 e 5

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLV - Nº 323 - Novembro-December 2018

A ASEMBLEA XERAL DA ONU APROBA A DECLARACIÓN DE DEREITOS LABREGOS



O 17 de decembro de 2018 quedará rexistrado na historia como o día no que a Asemblea Xeral da ONU, por unha ampla maioría, aprobou a *Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais*. Culminan así 17 anos de traballo de La Vía Campesina en coordinación con outras organizacións como CETIM ou FIAN International. Grazas a isto, temos agora un documento de validez internacional que reforzará as nosas demandas. Queda agora outro longo camiño: a loita por facer que eses dereitos labregos se vexan cumpridos en tódolos países da Terra, incluída a Galiza. ▶ 19

OBITUARIO.

Falece Ramón Muñiz de las Cuevas, activista social que foi un dos fundadores e dos principais dinamizadores das Comisións Labregas ▶ 2-3

LEITE.

José Luís Martín, mestre queixeiro: “Galiza cometeu o grande erro de non apostar polas súas razas autóctonas para facer queixo” ▶ 8-9

MEDIO AMBIENTE.

O SLG pídelle á Xunta a exención da obriga de inxectar os xurros para todas as granxas sostibles ▶ 6



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

EDITORIAL


Unhas palabras sobre
Ramón Muñiz de las Cuevas

por Xosé Ramón Cendán

O 30 de novembro, deixou de estar entre nós Ramón Muñiz, *Marcelo*. Na argumentación patriarcal, hai aquel dito de que detrás de cada home triunfador hai unha gran muller. Ramón é un caso aparte. El contribuía a mellorar outros líderes e deixaba para eles os aplausos.

Ramón Muñiz de las Cuevas é unha desas persoas que sementou moito na súa vida. E. desas sementes, saíron moitas colleitas. Coñécese que sementaba xa no nacionalismo alá pola segunda metade dos anos 60 do século pasado, cando estudaba Socioloxía en **MADRID**. Alí xa escribía e participaba para traballar por outra Galiza, non sometida ao Franquismo, non sometida ao espolio do centralismo, que puidese decidir democraticamente, coa súa propia soberanía nacional, para construírse a si mesma, para reconstruír a liberdade cultural, política e económica, a súa propia organización social, para deixar de ser dependente e sacar do atraso e da pobreza a inmensa maioría da poboación galega, en base a un desenvolvemento endógeno e integrado intersectorialmente. Nesa etapa, Ramón Muñiz integrouse na UPG, cando a militancia política, nacionalista e de esquerda, na loita franquista, era a máis reprimida e penada pola ditadura.

Cando o partido deu o paso de crear organizacións sociais e sindicatos galegos, unha persoa **COS PÉS NA TERRA**, Muñiz,



ou tamén **MARCELO** (nome para o traballo político-social), asume o encargo e coordina un traballo moi importante, sutil e clandestino para comprometer un grupo importante de persoas, para dotar as labregas e aos labregos (daquela, unha clase social moi empobrecida que supuña a metade da poboación de Galiza) dunha organización que respondese aos obxectivos da estratexia desenvolta polo partido. Ese grupo vaise agrandando con estudantes, mestras, cregos, etcétera, creándose os **COMITÉS DE AXUDA Á LOITA LABREGA (CALL)**. Así, foise avanzando no contacto coas labregas e labregos. O traballo deu os seus froitos e no ano 1973, cando saíu á luz a organización **COMISIÓNS LABREGAS-SINDICATO LABREGO GALEGO**.

Por aquel entón, Muñiz (*Marcelo*) exercía como sociólogo en Extensión Agraria, pero seguía a coordinar dende a **UPG** a expansión da organización. Foi a época na

que comezaron as loitas contra os proxectos de encoros, celulosas, térmicas, nucleares, privatización de praias, etcétera. A defensa da terra da especulación, da contaminación e da usurpación do medio de vida da xente. Aparte do xa construído sen que reportase nada a Galiza e, despois de encarnizadas loitas, construíronse dous grandes encoros e as dúas centrais térmicas, pero o resto de grandes proxectos non saíron para adiante.

Os activos agrarios tiñan que pagar a Seguridade Social, como autónomos. Pero, a maiores, debían afrontar tamén a **COTA EMPRESARIAL**, supostamente polas xornadas de persoas contratadas, que se calculaba pola superficie de terra que tivesen, cando, en realidade, non tiñan obreiros -agás excepcións- nin terras suficientes para traballar e acadar unha renda digna. Esta loita que empezou na clandestinidade, seguiu na transición até a metade da década dos 80, cando se gañou. A loita contra a cota empresarial propiciou as maiores mobilizacións agrarias e unha das maiores de Galiza que se teñen feito.

Na última parte dos 70, Ramón deixou a coordinación dos CALL, pero seguiu toda a vida a loita agraria e as actividades e mobilizacións do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, sobre todo aquelas que tiñan que ver coa defensa da terra e dos dereitos dos labregos e das labregas por unha renda polas súas producións para ter unha

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de
Publicacións de Servizos Agrarios
e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier
Gómez Santiso e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Isabel Vilalba Seivane, Brais Álvarez,
Cecilia Fernández, Henrique Outes,
Diego Sánchez Agra, Margarida Prieto,
Marieta Pastoriza, Xosé Ramón Cendán e Sabela
Facal.

PECHE DE EDICIÓN 14-01-2019

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixónfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ªE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

vida digna.

Ramón Muñiz, en toda esa etapa, aparte das responsabilidades na loita labrega, tamén foi un político e activista integral para o nacionalismo, para a loita polas persoas máis desfavorecidas ou para o mundo da cultura. Neste último senso, Muñiz foi un dos principais impulsores na creación e consolidación da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, por citar algunha.

No plano político, a comezos dos 80 foi tamén un dos impulsores do nacemento do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e formou, durante un tempo, parte da súa dirección.

Ademais, foi o principal impulsor e coordinador das edicións das **XORNADAS AGRARIAS GALEGAS** que, por cantidade e calidade de relatores e participantes nos debates, así como polas conclusións editadas, non tiveron parangón.

Mesmo no eido editorial, coordinou a edición especial do voceiro das Comisións Labregas, o **FOUCE**, nun volume que recompila todos os números da publicación na súa etapa da clandestinidade, dende 1973 a 1977, e que publicou Espiral Maior en 1995.

✓ Activismo social contra a pobreza

Tras esta etapa, Ramón Muñiz cambiou de traballo, deixando Extensión Agraria e pasando a servizos sociais, xa na Coruña. Aquí sería un dos principais impulsores, en 1989, da **Asociación Galega contra a Pobreza**. En 1992, crearíase a Rede Galega contra a Pobreza que, xunto coa catalá, darían orixe á rede española. O equipo de persoas que fixo posible isto, tería un papel protagonista na rede española e na europea, conseguindo que se incluían parte das súas propostas en leis sobre servizos sociais e pobreza, aínda que a execución desta lexislación deixe moito que desexar.

Ramón Muñiz tamén foi o mentor da **Irmmandade Moncho Valcarce**, cuxo obxectivo é conservar a memoria do crego das Encrobas e dar notoriedade ás loitas e reivindicacións labregas, con especial énfase naquelas que teñen por obxectivo a defensa da terra, e do traballo do nacionalismo en xeral.

Podemos salientar que a semente que plantou Ramón Muñiz deu moitos froitos en dignidade para Galiza e as galegas: menos asolagamentos, menos celulosas, a paralización da enerxía nuclear na Galiza, a conservación de praias, a loita contra a pobreza, etcétera.

Seguir a loita contra as novas formas de



especulación e acaparamento da terra, da auga, do medio ambiente, da expropiación dos recursos de todos e de todas privatizados para uns poucos, o que deteriora os dereitos e os servizos básicos para maior desigualdade e insostibilidade. Bloquear esta deriva para que o conxunto da sociedade galega sexa dona dos recursos para re-

“Podemos salientar que a semente que plantou Ramón Muñiz deu moitos froitos en dignidade para Galiza e as galegas: menos asolagamentos, menos celulosas, a paralización da enerxía nuclear na Galiza, a conservación de praias, a loita contra a pobreza, etcétera.”

cuperar os seus dereitos básicos, reducir a desigualdade e poder gobernar a sostibilidade do país so servizo de todos e de todas, sería ou será a mellor colleita desa semente plantada.

Hai que salientar que Ramón Muñiz era dunha familia acomodada que, coa súa capacidade podería ter levado unha vida con maiores beneficios económicos e incluso cun maior recoñecemento público. Pero optou por dedicar os seus esforzos e medios ás persoas máis desfavorecidas, aparte de acadar co seu traballo unha maior relevancia pública para moitas persoas que estaban con el.

Nas reunións, ás veces era brusco, para que os debates non quedasen só nun filosofar ácrata e fosen pragmáticos, para que esas xuntanzas servisen a uns obxectivos de decisión e programación. Pero, máis alá diso, era un pracer desfrutar da relación con el, amigo dun numeroso grupo de persoas durante todos eses anos, o mesmo que a súa compañeira Margarita e o seu fillo.

Ramón Muñiz era un home de traballo colectivo, rodeado sempre de amigos e persoas importantes nestas actividades que realizou ao longo da súa vida de activista. Aínda que non as citemos por motivos de espazos, sen dúbida téñeno ben merecido. Obviamente, este texto non pretende ser ningunha biografía, aínda que sería desexable que alguén realizase ese traballo de explorar a fondo a vida de Ramón Muñiz.

GRAZAS RAMÓN



APICULTURA ▶ Houbo concentracións de protesta en 18 cidades do Estado convocadas pola COAG para denunciar a entrada masiva de produto foráneo de mala calidade

Campaña de mobilizacións para esixir unha etiquetaxe transparente para o mel

Na Galiza, SLG e AGA unímonos para realizar unha acción no Centro Comercial As Cancelas, en Santiago de Compostela

O sector apícola da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, organizou unha serie de mobilizacións para o 11 de decembro en Almería, Córdoba, Guadalaxara, Xaén, As Palmas, Logroño, Málaga, Menorca, Murcia, Oviedo, Pamplona, Salamanca, Santander, Santiago de Compostela, Sevilla, Tenerife, Valencia e Zaragoza, para denunciar os abusos da industria do mel a produtores e produtoras, por unha banda, e ás persoas que consumen, por outra.

Baixo o lema “En defensa do noso mel, por un sector apícola rendible e sostible”, centos de apicultores e apicultoras de todo o Estado concentráronse fronte a grandes superficies comerciais para reclamar un maior control das importacións de baixa calidade, especialmente as que veñen de China, e unha etiquetaxe máis transparente que obrigue a detallar o país de orixe.

No caso galego, xunto ao SLG participou tamén a Asociación Galega de Apicultura (AGA), nunha concentración fronte ao centro comercial As Cancelas. Durante este acto, deuse lectura a un manifesto reivindicativo e repartíronse folletos divulgativos entre as persoas que accedían ao centro comercial para informar da confusa etiquetaxe que utilizan as grandes industrias que envasan mel para enmascarar importacións e sucedáneos de mel de baixa calidade.

“A situación é perversa e insostible; producimos un dos mellores



meles do mundo, pero a industria deixou de mercalo porque prefire abastecerse de importacións de baixa calidade de terceiros países”, denunciou Ángel Díaz, responsable do sector apícola de COAG. O propio Parlamento Eu-

ropeo describe os efectos desta situación nun dos seus últimos informes: “As importacións de baixa calidade, a adulteración e os sucedáneos distorsionan o mercado e exercen unha presión continua sobre os prezos e, en úl-

tima instancia, sobre a calidade do produto no mercado interior”.

Nunha década duplicouse a entrada de mel foráneo no Estado, pasando das 16.000 toneladas de 2007 ás 32.000 da última campaña.

Cómpre apostar pola venda directa e o selo “Mel de Galicia” para evitar a fraude

Pola súa banda, a Asociación Galega de Apicultura quixo sumarse tamén a este acto co obxectivo de divulgar a importancia do consumo de mel galego fronte a produtos importados que non garanten calidade nin benefician a nosa sociedade. O mel producido en Galiza é un mel proveniente das flores silvestres dos nosos montes e elaborado, maioritariamente, de forma artesanal por median@s e pequen@s apicultores e apicultoras, polo que conserva todas as súas propiedades e sabor, que o distingue claramente doutros meles. Consumindo mel galego, estamos apoiando a apicultura no noso país, co beneficio que aporta tanto

para a economía local como para o medio ambiente, a través da polinización que realizan as abellas, indispensable para o mantemento da biodiversidade e da produción agrícola e froiteira.

Para asegurarse o consumo deste mel de calidade diferenciada, o único que hai que facer é buscar a etiqueta “Mel de Galicia” nos lineais dos supermercados e do pequeno comercio; ou mercar en feiras ou mercados locais, onde apicultores e apicultoras de confianza ofrecen os seus meles de produción propia, o cal é tamén garantía de proximidade e de cualidades dun produto artesanal e saudable.

STOP Velutina propón un plan de choque á Xunta contra a avespa

A Plataforma Stop Velutina, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, xunto co sector apícola e o científico, uníronse na loita contra a avespa asiática elaborando, de forma conxunta, un plan de control desta especie invasora dirixido á Xunta de Galicia. O texto foi rexistrado en Santiago por unha comitiva de representantes na que se atopaba Xulio Fernández, apicultor e coordinador do SLG nas comarcas de Arzúa e Terra de Melide.

Entre outras demandas, no documento rexistrado pedíase unha liña de financiamento específica para investigación e axudas ao sector apícola de cara a mellorar a protección das colmeas. Nun comunicado, a Plataforma explicaba que *“ante o avance imparable da avespa velutina, e vendo que a erradicación é practicamente imposible, a investigación é indispensable para mellorar os sistemas actuais de loita e atopar novas ferramentas máis eficaces e selectivas”*.

Afondando máis nunha liña de investigación específica para a loita contra a velutina, investigadores e investigadoras das tres universidades galegas, xunto coa Plataforma Stop Velutina, decidimos abordar xuntos esta situación. Así, chegamos á conclusión de que, a pesares de que existen avances na investigación, faltan recursos e financiamento para continuar cun traballo que chegue a plasmarse en métodos eficaces de control da praga. Na proposta rexistrada, demandamos que se inclúa de forma urxente nos orzamentos xerais da Xunta unha partida económica suficiente para desenvolver esta investigación a partir de 2019.

✓ Necesidade de mellorar a comunicación entre os axentes que combatemos a velutina

Outra das demandas trasladadas pola Plataforma Stop Velutina foi a necesidade de crear ferramentas que melloren a comunicación entre os diferentes axentes implicados e a xestión da información, entre as que propoñemos unha mesa sectorial para traballar unidos nesta loita todos os sectores afectados xunto co científico e a administración.

Ademais, en vista das deficiencias na retirada de niños, dende a Plataforma Stop Velutina pensamos que se deben establecer protocolos de actuación unificados, a partir do consenso das partes implicadas e dirixidos tanto á prevención como á retirada de niños.

Por último, insistimos nas reivindicacións que levamos trasladando dende a creación da Plataforma: a implicación real e efectiva da Consellaría de Medio Ambiente nesta problemática, asumindo as competencias que lle corresponden, permitindo a integración dos sectores afectados na Comisión de Seguimento e coa realización de campañas de divulgación social sobre o problema, dirixidas á sociedade en xeral e a colectivos específicos, como o educativo.



MERCADO ▶ A nova normativa só beneficia o elo final da cadea de valor e ás grandes distribuidoras alimentarias

O Goberno esquece o sector produtor ao regular a venda a perdas

Os labregos e labregas seguen en total indefensión diante dos abusos e imposicións de industrias e compradores

O Sindicato Labrego Galego lamentou a falla de compromiso demostrada pola Xefatura do Estado cos labregos e labregas no Real Decreto Lei 20/2018 de Medidas Urxentes para o Impulso da Competitividade Económica na Industria e Comercio. Coa súa publicación, e coa regulación da prohibición da venda a perdas, o Goberno volveu legislar para as grandes empresas e perdeu unha oportunidade de reforzar e protexer a posición do sector produtor.

A principal novidade deste decreto lei é que se regula a prohibición da venda a perdas sempre e cando se demostre que houbo prácticas desleais. Consideráranse desleais estas prácticas cando: induzan a erro dos consumidores e consumidoras sobre os prezos doutros produtos no mesmo establecemento, cando teñan por obxecto desacreditar a imaxe dun produto ou establecemento alleo, cando forme parte dunha estratexia para eliminar competidores ou cando supoña unha práctica comercial que conteña información falsa sobre o prezo e poida inducir a erro nos consumidores e consumidoras.

Para o Sindicato Labrego Galego, resulta desconcertante que o Goberno só regulase a prohibición da venda a perdas no elo final da cadea comercial e non tivese en conta a produción e comercialización en orixe e nos diversos sectores produtivos que fornecen o mercado alimentario. Todo o mundo reconece que existe unha posición de dominio das industrias e da

distribución da que se valen para impoñer os prezos en orixe e perpetrar abusos contra a parte máis feble da cadea comercial: labregos e labregas. Tanto as autoridades europeas, como as estatais, teñen recoñecido que, en moitas ocasións, os produtores e produtoras son obrigadas a vender por baixo de custes a industrias lácteas, adegas, almacenistas, primeiros compradores, etcétera.

✓ O real decreto complicálle as cousas ao agro

“No discurso do Ministerio de Agricultura, tanto co PP como co PSOE, sempre nos prometeron que ían legislar na Lei da Cadea Alimentaria para reforzar e protexer a parte produtora e para evitar a posición de dominio e abuso de industrias e distribuidoras”, explica a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane. “Porén, este real decreto só busca protexer as ganancias das grandes empresas. De feito, a nova normativa só ampara a industrias e distribuidoras que queiran denunciar competencia desleal no elo final da cadea de valor. Aí é onde están dispostos a facer algo. Pero en orixe, onde todos e todas sabemos que se lles obriga a vender a perdas a labregos e labregas, por imposición de condicións e prezos, seguen quedando desprotexidas como até agora. Con este real decreto creo que hai unha involución. Antes había un marco xeral que prohibía a venda a perdas no que podíamos buscar cobertura legal pero, agora que se desenvolveu, todo se complica máis para os labregos e labregas, xa que só será considerada venda a perdas se cando se demostren prácticas desleais, e só conciben esa deslealdade no elo final da cadea de valor”.

FAUNA SALVAXE ▶ Trala campaña de denuncia do SLG

A Consellaría de Medio Ambiente convoca axudas para paliar os danos do xabaril

Tal e como anunciamos no pasado Fouce, a Consellaría de Medio Ambiente volveu convocar as axudas para paliar os danos do xabaril en cultivos agrícolas tras unha forte campaña de denuncia do SLG. A orde publicouse no Diario Oficial de Galicia do 21 de decembro.

Poderá solicitar estas axudas calquera granxa inscrita no Reaga que sufra ataques de xabaril e os comunique entre o 1 de xaneiro e o 10 de outubro de 2019. Os danos deberán comunicarse no 012, en horario hábil e nun prazo máximo de 72 horas dende que se produciu. Cumpridos estes requisitos, a granxa afectada disporá dun mes para solicitar a axuda.

En canto ás indemnizacións, van dos 12 céntimos que se pagará por metro cadrado de millo forraxeiro, trigo, centeo ou pradería estragados; aos 2'90 € para a mesma superficie de viñado. En horta, a cenoria, o repolo e o nabo pagaranse a 68 céntimos o metro; mentres que coliflor, tomate, berenxena, cabaciña, cebola, feixón verde, leituga, pemento e porro terán unha indemnización de 1'80 €. Outros produtos que se indemnizan son a pataca e a pataca doce, con 44 céntimos; ou o millo en gran, a 16 céntimos.



MEDIO AMBIENTE ▶ O SLG reclamou da Consellaría de Medio Rural o seu compromiso público de non penalizar a gandería sostible

A Xunta segue sen dicir se eximirá as granxas da obriga de enterrar xurros

Trátase dunha norma absurda que non evita as principais prácticas contaminantes como o porcino intensivo

O 2 de xaneiro de 2019 remataba a moratoria de un ano que eximía a Galiza de cumprir coa obriga de enterrar os xurros cando se apliquen para fertilizar a terra. Nesa data, os sectores agrogandeiros afectados seguían sen saber que vai ser deles nesta cuestión.

En xuntanzas mantidas coa anterior conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, díxose-nos que Galiza non ía ter que cumprir con esta obriga. Isto mesmo foi reiterado pola nova Consellaría que dirixe José González no último Consello Agrario Galego, celebrado o pasado 13 de novembro. O problema é que todas estas promesas foron feitas en xuntanzas internas, sen que, a día de hoxe, haxa unha posición pública da Consellaría de Medio Rural que garanta que as nosas granxas fican exentas de cumprir a obriga de enterrar os xurros. E iso que dende o SLG llela pedimos por diversas vías sen obter resposta algunha a día de hoxe.

Para a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, *"dende a Xunta, prométesenos en xuntanzas internas e sen publicidade que as nosas granxas fican exentas desta obriga. Desta maneira, pretenden manter tranquilos os sectores agrarios afectados. Paralelamente, esa mesma Consellaría de Medio Rural subvenciona a compra de inxectores e promove a aplicación da orde a través das oficinas agrarias comarcais. Creo que a intención de Medio Rural non é outra que manter desacti-*



vadas as posibles protestas no agro galego a causa desta inxusta obriga até que sexa demasiado tarde para dar marcha atrás".

Se a Consellaría de Medio Rural non fai nada, as granxas afectadas por esta orde -principalmente as de vacún de leite e carne- estarán obrigadas a facer un desembolso millonario nunha maquinaria que non vai paliar case nada as emisións de gases con efecto invernadoiro á

atmosfera. Ao mesmo tempo, as principais causantes da contaminación -grandes cebadeiros de porcino e industria de fertilizantes, principalmente de Aragón e Cataluña- van poder seguir contaminando ao seu antollo. Proba disto é que segue a promoverse a construción de macrogranxas porcinas en varias comunidades do Estado a pesares do gravísimo impacto ambiental que ten a súa actividade.

A grande beneficiada será a venda de maquinaria agrícola

Dende o Sindicato Labrego Galego non queremos nin moratorias nin excepcións. Para o SLG, deben quedar exentas de cumprir coa obriga de enterrar xurros todas as producións agrogandeiras de pequena e media escala, que traballan en extensivo e con base territorial, e que nada teñen que ver coa emisión de gases con efecto invernadoiro que se pretende paliar. Obrígalas a mercar unha maquinaria inútil para enterrar os xurros é o mesmo que penalizar prácticas gandeiras sostíbeis, ao tempo que se indultan os grandes contaminadores do Estado.

Namentres, e coma sempre, seguimos sen novas da Consellaría de Medio Rural e coas empresas de maquinaria agrícola calculando os pingües beneficios que lles traerá 2019 a costa das nosas granxas.

PAC ▶ As granxas afectadas sofren as consecuencias da mala xestión da Consellaría de Medio Rural á hora de actualizar fincas con dereitos de pago afectadas por parcelarias

Comezan a pagar as axudas atrasadas da PAC de 2017 tralas denuncias do SLG

A pesares destes ingresos, o problema non foi solucionado e volverá repetirse co pago das primas de 2018


O Sindicato Labrego Galego solicitou unha entrevista con responsábeis da Consellaría de Medio Rural para denunciar o impago das axudas da PAC a granxas que están afectadas por procesos de concentración parcelaria. Trátase dun problema xeneralizado en toda Galiza no que a Consellaría de Medio Rural está a demostrar a máis absoluta desidia e que dende o SLG denunciámos. Ao pouco de facer públicas as nosas denuncias, tivemos constancia de que Medio Rural comezou a ingresar as axudas atrasadas de 2017.

Trátase dun problema grave, especialmente para estas granxas que, a finais deste ano, aínda non cobraran unhas axudas cuxo ingreso debería terse feito, a máis tardar, en xullo de 2018. O problema é que, aínda que acaben cobrando a PAC de 2017, atópanse que coa de 2018 volven estar na mesma situación, cando moitas outras explotacións sen este problema xa ingresaron un adianto do 90% destas axudas correspondentes a 2018.

A contía das axudas da PAC baséanse no número de hectáreas que xestiona unha granxa en función de parámetros como medidas agroambientais, tipo de cultivo ou gando, etc. O problema radica en que, por mor da desidia da Consellaría de Medio Rural, moitas fincas con dereitos de cobro na PAC afectadas por parcelarias non están actualizadas e, polo tanto, non poden ingresar os cartos a que teñen dereito até que os predios afec-

tados se actualicen. Cómpre destacar a importancia destas axudas para a economía labrega, especialmente para aquelas granxas que se endebedaron con investimentos no marco de Plans de Mellora ou de Incorporacións de Xente Moza e que teñen que facer fronte á devolución de préstamos.

Aínda que non coñecemos o número de explotacións afectadas, podería ser unha cifra moi elevada se botamos unha ollada ao mapa das parcelarias que se pode consultar na web da Consellaría de Medio Rural, onde vemos que están afectadas por procesos de concentración boa parte da provincia da Coruña, do norte de Pontevedra, do nordeste de Lugo e do suroeste de Ourense.



Na Galiza hai abertos procesos de concentración parcelaria nas zonas coloreadas do mapa, polo que os atrasos nos pagos poderían darse en boa parte da nosa terra

As zonas con parcelarias concluídas tamén están a padecer os impagos

Outra referencia neste aspecto témola no Anexo III (páxina 61) da orde do 6 de febreiro de 2018 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural, publicada no Diario Oficial de Galicia do 12 de febreiro de 2018. Ese anexo enumera as zonas de concentración parcelaria nas que se admiten referencias identificativas correspondentes a planos de concentración parcelaria. É dicir: como mínimo, todas estas zonas estarían afectadas ou poderían estarlo por problemas que xerarían atrasos ou o impago das axudas da PAC. Estaríamos a falar dun total de 35 concellos nas catro provincias, algún deles con varios procesos de concentración parcelaria:

- ▶ **A Coruña:** Abegondo, Arzúa, Boqueixón, Cesuras, Oza-Cesuras, Coristanco, Mazaricos, Mesía, Melide, Narón, Ordes, Oroso, O Pino, Santiso, Touro e Zas.
- ▶ **Lugo:** Abadín, Alfoz, Baleira, Castro de Rei, Mondoñedo, Riotorto e O Valadouro.

▶ **Ourense:** Allariz, Cartelle, Xunqueira de Ambía, A Merca, Porqueira, Vereas e Verín.

▶ **Pontevedra:** O Covelo, A Estrada, Forcarei, Lalín e Vila de Cruces.

Pero é que, ademais, hai zonas e concellos que non aparecen aquí, nas que a concentración parcelaria rematou, que tamén están padecendo este problema, como Goá, en Cospeito (Lugo) ou Pezobre, en Santiso (A Coruña).

Todo este problema é unicamente imputable á Consellaría de Medio Rural, probablemente motivado polos fortes recortes do persoal que debería xestionar a actualización das fincas afectadas, ben nas oficinas agrarias comarcais, ben en organismos coma o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

Dende o Sindicato Labrego Galego solicitamos unha xuntanza coa Consellaría de Medio Rural para pedirlle que actúe con urxencia para solucionar este grave problema creado pola propia Administración e que está a poñer en xaque a viabilidade de moitas granxas.

JOSÉ LUÍS MARTÍN, Mestre queixeiro ▶ Sempre é un pracer falar co mestre queixeiro José Luís Martín, un dos expertos máis reputados do Estado que é director do Espazo Gourmetquesos do Salón de Gourmets de Madrid e que coordina o Campionato dos Mellores Queixos de España. En 2012, tivemos oportunidade de entrevistalo para o Fouce (nº 291, páxs. 14 e 15) e, agora de novo, aproveitando o curso de elaboración de queixos que impartiu en Dordaño (Cesuras), organizado pola Asociación Terras de Valcarce, volvemos falar con el de cuestións como as claves para producir queixos ou en que deberían mellorar as nosas DOs.

“Galiza cometeu o erro de non apostar por razas autóctonas para facer queixo”

✓ Cantos anos levas como asesor de queixerías?

Levo trinta anos vinculado ao mundo do queixo a través de diversas etapas. Fun queixeiro e despois formador. Agora mesmo, formo e asesoro tanto queixerías como hostalería e restauración. Tamén abrín en Madrid a tenda QAVA, onde afino queixos. Polo tanto, vivín todo o proceso, dende a produción de leite até preparar os queixos para ofrecellos aos consumidores e consumidoras. Ademais, como director de Gourmet Quesos, vin como evolucionou o mundo do queixo artesán nos últimos anos.

✓ Levas a conta de a cantos proxectos lles deches asesoramento?

Non sei a cifra exacta, pero pasa de douscentos. E non só en España. Tamén asesorei proxectos en varios países de Sudamérica como O Salvador, Costa Rica, México ou Arxentina.

✓ E na Galiza?

Aquí, asesorei unha ducia de queixerías como Airas Moniz, Abadía de Samos, Cortes de Muar, Campo Capela ou Touza Vella. Agora mesmo, estou con Gandería Quintián e Lactéal.

✓ E cales son as claves para que un proxecto destes vaia para adiante?

A clave para constituír calquera proxecto é valerse das fortalezas que hai en cada zona. Por exemplo, se quero montar unha queixería en África e levo frisoas de alta xenética, fracasarei porque non atoparei a alimentación axeitada para o gando.

En cada lugar, habería que tentar optimizar as razas autóctonas propias.



Galiza cometeu un erro neste sentido. Aquí, tradicionalmente, tiñades moi implantada a raza Rubia con dúas liñas xenéticas definidas: unha para carne e outra para leite. As vacas rubias non dan moito, sobre 10 ou 15 litros diarios, pero si que é un leite exquisito. Porén, esta raza acabou derivando só para carne. Estou convencido que unha granxa, con 20 ou 30 vacas rubias de leite para elaborar queixos ou iogures, podería sacarlle un rendemento moi alto, ao redor de 1'5 € por quilo de leite.

✓ Entón, ¿a raza inflúe na calidade final do queixo?

Totalmente. Os grandes queixos son os que conservaron as razas autóctonas das que se obtiña o leite. Temos exemplos como Comté, Gruyere ou Emmental que se elaboran co leite

de vacas de razas alpinas, como a Montebeliarde. Esta raza tamén é a base do Camembert. O Roquefort non sería o mesmo sen a ovella Lacaune. Por que? Porque estas razas están adaptadas a vivir nesas rexións e optimizan moito mellor os recursos que hai nelas.

Na Galiza, apostouse pola fri-soa e a súa liña xenética orientouse a producir máis e máis leite. Hai vinte anos, mesmo considerábase que un leite con moita graxa era malo, polo que se foi seleccionando para que dese menos graxa.

✓ Que consello lle darías a unha granxa que queira dar o paso para producir queixos?

Basicamente, que se forme, en cursos tanto aquí como fóra, e se é no estranxeiro, mellor, sobre todo para a xente nova. Unha boa referencia para ver o que se está

a facer no mundo do queixo artesán é QueRed (Rede Española de Queixerías de Campo e Artesás), unha asociación que agrupa unhas 400 pequenas queixerías do Estado, na que ofrecemos formación e asesoramento.

O Salón do Gourmet en Madrid, do 8 ao 11 de abril, ao que asistirán medio cento de queixerías do Estado, é tamén un bo escaparate. Aí tamén se celebrará o Campionato do Mellor Queixo de España, ao que se presentaron uns 700 na última edición. Un queixo do Cebreiro madurado, da Queixería Santo André de Carlos Reiña, quedou gañador absoluto en 2015. Este ano agardamos chegar aos 1.000 competidores, dos cales o 80% serán artesáns. Se algún lector ou lectora do Fouce quere ir, pode contactar comigo para conseguir entradas gratis. **SEGUE ▶**

“Podo ter mil frisoas alimentadas con OXMs e facer queixos nunha DO galega”

✓ **Se tiveses que trazar unha radiografía rápida do sector queixeiro galego, ¿que dirías?**

Para min, a principal fortaleza de Galiza é a calidade do leite, sobre todo a nivel microbiolóxico. E, por riba de todo, o leite de pastoreo, que cada vez vai ter máis futuro. Agora mesmo, as grandes industrias están sacando unha marca de calidade de leite obtido en base a pastos que consiste en que as vacas saian pacer un mínimo de cinco horas ao día. Pero isto dá pé a enganar, porque unha vaca aquí, de novembro a marzo, non convén que estea fóra.

O leite dunha vaca alimentada con herba fixa os carotenos e ten cor amarela. Ese leite, con esas características, sería unha boa alternativa para grupos de granxas que impulsasen unha marca de calidade comercializando leite de pastoreo de verdade, cunha análise sensorial que tivese en conta esa cor característica. Que só podemos comercializar ese leite de abril a outubro? E que? Cando falamos de pequenos volumes, non é fundamental estar producindo todo o ano. Eu teño queixerías que só me venden os seus queixos un mes ao ano porque só o fan nunha época concreta.

O problema é que, pola contra, agora mesmo, a maioría das queixerías copia o modelo produtivo de vender a grandes superficies. Pero o camiño está en atopar o noso propio ritmo, en crear modelos diferentes de venda directa, formación, pedagogía do queixo, etc.

✓ **Cres que as cinco indicacións xeográficas galegas para os queixos representan realmente a tradición queixeira galega?**

Antes de dicir nada, gustaríame facer crítica construtiva e lembrar que as grandes denominacións de orixe europeas ela-

boran os seus queixos con leite cru. Se unha DO representa un territorio, unha raza de gando e un saber facer; no momento que pasteurizamos xa perdemos parte da nosa personalidade. Eu podo ter mil vacas frisoas alimentadas con soia transxénica e facer queixos nunha DO galega. Non hai ningunha normativa que esixa o pastoreo e non hai nada que certifique a alimentación do gando. Na propia DO, o queixo elaborado con leite de pastoreo debería ter un distintivo e despois sería o público o que elixise.

Por poñer un exemplo de indicación xeográfica consolidada, o Emmental de Suíza comercialízase en sete variedades: clásico, reserva, extracurado, curado en cova, ecolóxico, Gotthelf, Eidgenoss e Rahmtaler. E por aí teñen que ir os tiros. As denominacións de orixe ou se reciclan ou van pasar mal.

✓ **E quen o está a facer mellor no caso galego?**

Agora mesmo, os queixos que teñen maior interese e son máis coñecidos en alta restauración e gastronomía son o Cebreiro e o San Simón da Costa. Os queixos das outras denominacións de orixe son vistos como máis estandarizados e industrializados, un pouco como a marca Nata de Cantabria. Utilizan as mesmas razas gandeiras, os mesmos fermentos, o mesmo proceso de elaboración e todo o que fan é moi semellante.

O máis triste é que se están a vender a 6€ o quilo ou menos aos maioristas, cando se supón que a denominación de orixe debería dar un valor

engadido ao produto.

Creo que é necesario fornecer o mercado e que ten que haber de todo, pero as pequenas queixerías artesás deberían poder incorporarse ás denominacións de orixe con características diferentes que as singularizase. Por exemplo, o queixo tradicional que fan moitas mulleres nas súas casas, podería estar na DO que lle correspondese respectando a normativa básica, supervisado -incluíndo catas ademais de analíticas químicas- e cunha etiqueta diferente que o diferenciase. Creo que é un reto. Trátase de facelo cada vez mellor e máis diferenciado.

✓ **Sabendo xa todo o que sabemos para facer un bo queixo e**

diferencialo, quedaría o máis difícil: vendelo.

Si, é difícil e hai granxas que quedan polo camiño no intento. Creo que isto acontece porque só coñecemos un modelo produtivo e pretendemos emulalo. Se viaxas e coñeces outras alternativas, verás que hai queixerías perfectamente viables cun local de 20 metros cadrados e unha produción de 50 litros. Por que temos que facer 2.000 litros? Igual a queixería abonda con que sexa só un complemento da granxa e non o único ingreso. Podo vender o 80% de leite e deixar o outro 20% para facer queixos, por exemplo. Temos que buscar sempre o menor custe. Pero a xente embálase moito coas subvencións e inviste máis do que precisa, e aí vén o problema. Elaborar é doado, pero vender é cada vez máis difícil. Hai que saber como envolver o queixo, como empaquetalo, como transmitirle ao público as súas bondades.

FIN ■



XESTIÓN DA FAUNA SALVAXE ▶ No pasado Fouce, adiantabamos unhas breves notas sobre unha viaxe formativa a Somiedo realizada por gandeiros e gandeiras de vacún de carne do SLG. Esta actividade tiña como principal obxectivo coñecer de preto a experiencia das granxas de alí, que teñen que convivir con importantes poboacións de oso, lobo, xabaril, veados e outras especies silvestres que causan importantes danos. Nesta reportaxe, compartimos con vós esoutro xeito de xestionar a fauna salvaxe que teñen na veciña Asturias e do que ten moito que aprender a Xunta de Galicia.

Somiedo: un exemplo de convivencia entre a gandería e a fauna salvaxe

De primeiras, tivemos un encontro técnico en Pola de Somiedo co alcalde, Belarmino Fernández Mino, e co director do parque natural, Luís Fernando Alonso.

Mino explicounos brevemente a historia do parque natural. Somiedo é un municipio con 300 km² de extensión e 38 núcleos de poboación. Considérase de media-alta montaña, con 23 picos que superan os 2.000 metros de altitude. En total, a poboación é de 1.300 habitantes.

Cando se creou o parque, Somiedo era un concello labrego, moi atrasado economicamente, con 350 granxas cunha media de 12 vacas cada unha.

No momento da creación do parque, apostaron pola gandería, con obxectivos como unha maior profesionalización e unha orientación cara á calidade. O resultado, trinta anos despois, é que temos 150 gandeiros e gandeiras a título principal, cunha cabana que rolda as 8.000 reses e unha media de 70 animais por granxa.

A vía cara a calidade centrouse en criar raza Asturiana de los Valles, que compón case o 100% da cabana gandeira de vacún en Somiedo. Con catro feiras anuais e unha exposición, a aposta por esta raza supón ingresos a maiores para as granxas coa venda de sementais e becerros para fóra.

Este gando críase en extensivo. O inverno, con todo cuberto de neve, está estabulado preto das vivendas. Na primavera, soben o gando para o monte a pacer nos pasteiros dos cumes e nos vales de montaña, onde están até que volve a neve.



As visitas dos gandeiros e gandeiras do SLG en Somiedo remataron en Lago del Valle, a case 1.600 metros de altitude. Na seguinte páxina: Luís Fernando Alonso e Belarmino Fernández e un par de instantáneas das visitas que se fixeron ás praderías

Asturias: Dez veces máis cartos que Galiza para paliar os danos da fauna

En Somiedo, os maiores danos causados pola fauna salvaxe veñen dados por xabarís e veados, que acaparan o 70% das indemnizacións; seguen os danos do lobo, que supoñen o 25% e, finalmente, os do oso, que se limitan a un 5% das axudas compensatorias. Os gandeiros e gandeiras cos que puidemos falar explicáronnos que a ninguén lle gusta que lle maten un xato, pero que o sistema de axudas é bastante áxil e lles está a compensar suficientemente os danos causados.

Indo xa á cuestión de como se xestiona a fauna salvaxe, explicáronnos que o Principado de Asturias conta cun orzamento anual duns 3 millóns de euros para indemnizacións que cobren os danos do lobo, do oso, do xabaril e do veado. Isto contrasta con Galiza que, en 2018, só convocou axudas para

cubrir os danos do lobo e orzamentou un total de 279.958 €. Só no caso dos ataques do lobo, Asturias está investindo en indemnizacións unha media de 1 millón de euros anuais, tendo menos granxas e unha poboación de lobos menor.

Como vemos, en Asturias cóbrense os danos de máis especies salvaxes cun orzamento 10 veces superior ao galego. A outra grande diferenza son os prazos para cobrar. En Somiedo, o prazo normal para cobrar a indemnización por danos da fauna salvaxe é duns tres meses, aínda que por diversas circunstancias -diferenzas na valoración dos danos, remate dos orzamentos a finais de ano, etc.- poden dilatarse os prazos de cobro até os seis meses. Na Galiza, como ben sabemos, pódense superar os tres anos de espera.

SEGUE ▶



Control estrito e público das poboacións da fauna salvaxe

Outra das grandes diferenzas de Asturias con Galiza, é que a xestión da fauna salvaxe está xestionada en detalle dende a Administración. Existen censos das poboacións e, cando o número de exemplares dunha especie medra tanto que pon en perigo o equilibrio da fauna, determináanse o número de pezas que se poden abater e faise o control pola propia gardería do parque, permitíndose algunhas batidas de caza como apoio.

“Custounos moito controlar de xabaril e veado”, lembrou o alcalde de Somiedo, “pois tivemos serios problemas de superpoboación hai uns anos. Solucionámolo con abatementos de control realizados pola propia gardería do parque apoiada, en ocasións, por batidas de caza planificadas. Curiosamente, agora os xabarís es-

tán emigrando cara ás cidades e o seu entorno”.

No caso do lobo, explicáronnos que “Asturias ten un plan específico para el. Planifícase cada ano o número de lobos que se poden abater, sempre por parte da propia gardería do parque, xa que os lobos non son doados de cazar, aínda que, dende hai dous anos, permítense tamén cobrar algúns exemplares en batidas de caza. Non é matar por matar, nin por deporte. Trátase de abatementos coordinados coa gardería do parque, normalmente exemplares de manadas que comezan a ser demasiado grandes e no momento que empezan a causar danos importantes nunha zona concreta. É moi efectivo facelo no momento xusto e coordinados coa gardería e sempre seguindo as indicacións do Plan do Lobo”.

Baremos de indemnización parecidos a Galiza, pero cunha maior cobertura

Os baremos para fixar as contías da indemnización a reses de vacún non son moi distintos en Asturias que na Galiza. As maiores contías son para as razas autóctonas e, no caso da comunidade veciña, a mellor pagada é a Asturiana de los Valles e, en segundo, a Asturiana de Montaña. Segue a Frisoa e outras razas.

Por exemplo, un xato culón de Asturiana de los Valles menor de 3 meses, págase 600 € e, de 3 a 6 meses, a 800 €. En Asturiana de Montaña serían 250 e 300 € e, en Frisoa, 150 e 350 €. A maior indemnización sería para un semental menor de 9 anos de Asturiana de los Valles, con 1.300 €. Tamén están cubertos danos a gando cabalar, ovino, caprino, avícola, asnos e mulas, e colmeas.

Os danos en pasteiros e cultivos tamén están cubertos en diversas categorías, cada unha cos seus baremos: pradería artificial,

pradería natural, pasteiro, froiteiras en xeral, maceiras, kiwi, fabas, fabas con millo, horta, cereais de verán, cereais de inverno, patacas e uvas.

Como exemplo, podemos ver as indemnizacións que se reciben en Asturias por danos comúns na Galiza, como son os ataques de xabaril. En prados, págase un máximo de 36 céntimos por m² se son rozaduras profundas en prados artificiais de regadío. No caso do millo, págase a 39 céntimos o m² de millo para gran e 38 céntimos o m² de millo forraxeiro. As patacas, a 60 céntimos o m².

En Asturias, ademais, se queda un animal ferido por un ataque, están cubertos tódolos gastos veterinarios.

A maiores, en espazos naturais como Somiedo, as indemnizacións por danos de lobos teñen un incremento do 10%, e as causadas polos osos dun 20%.



Neste senso, Belarmino Fernández subliñou que o máis importante neste tema e ter cobertura legal con leis e normas, tal e como teñen en Asturias, e non optar polo furtivismo. Se facemos todo de acordo coa lei, por moitas protestas que haxa, amparáanos a legalidade.

Outra norma que se aprobou o ano pasado en Asturias foi a de establecer emprazamentos onde poder deixar animais que morren nas granxas para alimentar fauna salvaxe. Os osos e os lobos, se poden alimentarse de animais mortos, non se van molestar en cazar os que están vivos. **FIN** ■

FRUTICULTURA ▶ Organizado pola Asociación Herbamoura

O SLG colabora nun proxecto de recuperación de froiteiras autóctonas en Melide e Arzúa

O 14 de decembro, a Asociación Herbamoura, co apoio financeiro da Deputación da Coruña, presentou un proxecto de recuperación de froiteiras autóctonas nas comarcas da Terra de Melide e Arzúa. Á presentación na vila melidense, asistiron unha vintena de persoas que puideron coñecer, de primeira man, unha experiencia semellante na Mariña lucense.

Este proxecto, que estará coordinado polo responsábel do SLG nestas comarcas coruñesas, Xulio Fernández, comezará este mesmo inverno con saídas de campo para recompilar gallos das froiteiras localizadas e enxertalos en titores. Será un intenso traballo se temos en conta as variedades das que faláron as persoas que asistiron á presentación. En mazás: Doce, Pi-



ñeira, Durela, da Xesta, Lavadoiro, Redonda, do Carme, de San Xoán, de San Roque, Grandá, Cadrada e de Pau. E en pe-

ras: Papo de perdiz, Urraca, de San Ramón, Barburiña, Santiaguesa, de Manteca e de San Ramón.



MONTES ▶ Guía sobre os montes veciñais en mancomún

Presentación de “Territorios en común: Casas con fume, montes sen lume”

O pasado 20 de decembro, o SLG colaborou na presentación dunha guía sobre os montes comunais da Galiza -con especial fincapé nos da provincia da Coruña- organizada pola Asociación Frouma e financiada pola Deputación da Coruña: *Territorios en común: casas con fume, montes sen lume*. O acto foi no local da CMVMC de Balouta e Fontecova, no lugar de Vigo

(Dodro), e participaron a autora e o autor do texto: Lara Barros Alfaro, historiadora e investigadora especialista en montes veciñais, e Diego Sánchez Agra, enxeñeiro forestal. Xunto a eles estivo tamén Ramón Abuín Gómez, secretario da comunidade de montes anfitriño.

Se tes interese en ler esta guía, podes descargala en: bit.ly/SenLume

VENDA DIRECTA ▶ O SLG participou na organización

A Feira do Outono de Ponteareas chega á súa undécima edición

Un ano máis, o SLG colaborou na organización da Feira do Outono de Ponteareas, que este ano chegou á súa undécima edición. Celebrada a comezos de novembro, tamén participaron na organización Galiza Nova, Centro de Recuperación de Cultura Popular e Soutea, coa colaboración do Concello.

Durante tres días, houbo un programa repleto de activida-

des que, coma en pasados anos, tiveron como prato forte un mercado no que ser congregaron máis de trinta postos con produtos de tempada, tradicionais e ecolóxicos.

Dende a organización sinalaron que os obxectivos da feira foron “a promoción, potenciación e valorización dos produtos propios do outono, así como a aposta polo consumo consciente,



local e de proximidade”. Así, houbo varias actividades que potenciaron isto, como unha demostración de cociña con pro-

ductos de outono, un obradoiro de queixos para a rapazada, charlas e saídas de campo con exposición final de cogomelos.

A finais de ano, Sindicato Labrego Galego e UUAA rexistramos un escrito dirixido a Medio Rural demandando solucións á falla de cobertura dos seguros agrarios nos estragos que un fungo coma o mildiu está a causar no noso sector vitivinícola.

No escrito presentado denunciábase que unha boa parte do sector non subscribe seguros agrarios por non adaptarse á realidade galega. E, en caso de subscribilos, non estaría cuberto o mildiu, polo que non lles tería servido de nada nos últimos anos, nos que houbo unha alta incidencia deste fungo.

A única cobertura existente a día de hoxe sería a través do seguro de outono con riscos ex-

VIÑO ▶ Os ataques deste fungo non son asegurables na Galiza, polo que se deben crear axudas para palialos

Fronte común para pedir indemnizaciós públicas polos danos do mildiu

cepcionais por choivas persistentes. Neste caso, cubrirían “pragas e enfermidades que se manifesten durante o período de choivas ou os 10 días seguintes á finalización do mesmo, debido á imposibilidade física de realizar os tratamentos oportunos, sempre que aqueles sexan consecuencia do sinistro; de aplicación

en todo o ámbito do seguro, agás para os danos de mildiu, de aplicación exclusiva no ámbito de Andalucía, Castela A Mancha, Extremadura, Illes Balears, Madrid, Murcia e Valencia”.

Diante desta situación discriminatória, pedimos a convocatoria da mesa territorial de seguros para tratar esta proble-

mática e establecer unha estratexia común. A intención é pedir a inclusión deste risco, xa que nos anos de alta sinistralidade, como 2018, Agroseguro tenderá a non indemnizar, co conseguinte prexuízo para o sector vitivinícola.

E, en caso de que isto non sexa posible, daquela esixiremos que a Consellaría de Medio Rural sexa consecuente coas súas promesas: xa que, segundo teñen declarado diversos responsábeis do Ministerio de Agricultura e da Xunta, “o asegurable non é indemnizable”; pola mesma lóxica, se o mildiu non é asegurable, daquela terá que ser indemnizable a cargo dos orzamentos da Xunta.

FORMACIÓN ▶ Boa parte dos cursos realizados contaron co apoio financeiro da Deputación Provincial da Coruña

As actividades formativas coparon a axenda do SLG no último trimestre

Coincidindo co remate do ano, o Sindicato Labrego Galego, pola súa conta ou colaborando con outras asociacións, desenvolveu unha intensa actividade formativa en diversos eidos.

Así, durante o mes de novembro, colaboramos nun *Curso de elaboración de transformación e conservación de produtos da terra* que se celebrou en San Miguel de Sarandón (Vedra, Pontevedra), organizado pola Asociación Terras de Valcarce.

A aposta do SLG pola agroecoloxía tivo a súa expresión no apoio que prestamos á Asociación Herbamoura, que impartiu nos nosos locais de Compostela e Betanzos senllos cursos de agricultura ecolóxica entre novembro e decembro.

É de destacar o Curso de elaboración de queixos e outros derivados lácteos, organizado pola Asociación Terras de Valcarce en Dordaña (Cesuras, A

Coruña), no que contamos co mestre queixeiro José Luís Martín, a quen entrevistamos neste Fouce (páxinas 8 e 9). Tamén de Terras de Valcarce foi un Curso de identificación e aproveitamento de plantas medicinais, impartido por Lola Tourón en San Sadurniño.

Todos estes cursos contaron co apoio financeiro da Deputación da Coruña. Co financiamento da Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago, levamos a cabo varios obradoiros baixo o título “Sen prexuízos no rural”, orientados a achegar as persoas participantes á realidade das mulleres que sofren violencia machista e á dos colectivos LGTBIQ.

Nun plano máis técnico, dende o Sindicato Labrego Galego organizamos un curso oficial de aplicación de fitosanitarios na comarca de Ordes, do 10 ao 18 de decembro, co que se expedía o carné de aplicador/a.



Arriba, curso de elaboración de transformación e conservación de produtos da terra en Vedra; abaixo, aula do curso de agricultura ecolóxica celebrado en Compostela


COÑECENDO OS OXMs ▶ Nos últimos anos, está a xurdir con forza todo un rosario de novas técnicas de manipulación xenética que buscan desmarcarse das normativas que regulan os Organismos Xeneticamente Modificados (OXM) para poder comercializarse sen a mala prensa que se gañaron nos últimos anos.

2. Novas tecnoloxías xenéticas para sortear a regulación OXM

As transnacionais da biotecnoloxía e das sementes están tentando, por tódolos medios dos que dispoñen, que os animais e as plantas creados mediante as novas técnicas de enxeñaría xenética escapen ás lexislacións que regulan os Organismos Xeneticamente Modificados (OXMs) (regulación, aprobación, etiquetaxe, etc.).

Para conseguir isto, están a realizar campañas de presión nos gobernos e investindo inxentes cantidades de cartos para tentar convencer á clase política e á cidadanía de que estas novas técnicas non producen OXMs, que son a solución para problemas como a fame no mundo, que van rematar coas pragas e enfermidades, ou que son mellores que as variedades tradicionais conservadas durante milenios pola agricultura familiar.

En definitiva, estas grandes empresas multinacionais queren que os seus novos produtos poidan sortear a lexislación que regula os OXMs e, desta maneira,



ra, poder comercializalos sen que os consumidores e consumidoras saiban que están alimentándose ou mercando OXMs, pois así non terán que pasar polos controis obrigatorios para estes -xa escasos de

por si- nin identificarse como tales.

Estas industrias inventan nomes e eufemismos para nomear os OXMs de nova xeración: “novas técnicas de melloramento xenético” ou “novas técnicas

de selección (NBT en inglés)” para referirse ás novas técnicas de enxeñaría xenética. O caso é non utilizar o termo Organismos Xeneticamente Modificados e poder vendelos coma calquera produto convencional.

Un galimatías de técnicas de difícil comprensión

Os avances neste campo estanse a producir a unha velocidade moito maior do que a sociedade e os gobernos son capaces de asimilar, asumir e integrar.

Isto unido ao escurantismo co que estas empresas traballan, ás mentiras que divulgan nas grandes campañas publicitarias que fan, á complexidade da información que se manexa e ás amplas consecuencias que xera a liberación destes organismos na natureza, xera un ambiente idóneo para que nos enganen e manipulen.

▶ A que técnicas nos estamos a referir?

Non serve de moito explicarlle a quen non teña coñecementos técnicos cales son

as técnicas das que estamos a falar, e moito menos que efectos e consecuencias que teñen. Algunhas das técnicas denomínanse:

✓ **Técnicas de edicións de xens:** nucleasas de dedos de zinc (ZFN); Talens; CRISPR/Cas; Meganucleasas e mutaxénese dirixida por oligonucleótidos (ODM). Estas técnicas reescriben, suprimen, substitúen ou engaden partes do ADN en localizacións concretas.

✓ **Cisgénese, Intragénese, Transgénese:** Insertar ou introducir xenes da mesma especie ou de outras especies, compatibles ou non.

✓ **Metilación do ADN dependente de ARN (RdDM):** Evitan que xenes concretos se ex-

presen co que poden desaparecer despois de varias xeracións.

✓ **Agro-infiltración:** Introducir temporalmente material xenético

✓ **Enxerto de OXMs en patrón:** Coller un Organismo Xeneticamente Modificado e enxertalo noutro que non o é

✓ **Mutaxénese in vivo e in vitro:** Provocar mutacións nos organismos, na natureza ou no laboratorio.

Máis importante que saber os nomes destas técnicas é saber para que poden ser usadas na práctica e as consecuencias do seu uso, ambientais, para a saúde, económicas, na alimentación.

DEREITOS LABORAIS ▶ Publicouse no Boletín Oficial do Estado nas vésperas da festa de fin de ano, o sábado 29 de decembro, sen ningunha publicidade adicional

Decretazo do Goberno para privatizar os dereitos laborais d@s autónom@s

Quen cotice neste réxime dende antes de 1998 e teña as baixas cubertas pola Seguridade Social, cambiará a mutua privada

O SLG denunciou un novo decretazo do Goberno do Estado co que se afonda aínda máis no proceso de privatización dos dereitos laborais dos traballadores e das traballadoras do Réxime de Autónom@s: a obriga de deixar a Seguridade Social por mutuas privadas dos autónomos e autónomas que cotizaban antes da reforma do 1 de xaneiro de 1998.

Referímonos ao *Real Decreto-Ley 28/2018, de 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego*, publicado con premeditación e aleivosía no BOE do sábado 29 de decembro, na fin de semana antes de fin de ano e sen darlle ningún tipo de publicidade máis alá da imprescindible no BOE. Fixérono tan en segredo que nin sequera o persoal das oficinas da Seguridade Social está ao tanto nin sabe como actuar ao respecto.

✓ **Por riba, os trámites deben ser telemáticos**

Ademais, temos o agravante de que neste 2019, coa obriga de telematizar tódalas xestións coa Seguridade Social a maioría dos traballadores e traballadoras afectad@s, ademais de non saber aínda como lles afecta o decreto, van ter serias dificultades para levar a cabo uns trámites que, de non haber volta atrás, deben facer antes de que remate marzo. Cómpre ter en conta que, por idade, os traballadores e traballadoras que xa cotizaban antes de 1998 teñen máis probabilidade de non estar familiarizados coas novas tecnoloxías.

Así, a disposición transitoria primeira deste real decreto-lei di que «Os traballadores incluídos no ámbito de aplicación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos incorporados a dito réxime especial con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1998 e que (...) tivesen optado por manter a protección pola prestación económica por incapacidade temporal coa entidade xestora (Seguridade Social), no prazo de tres meses

a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei deberán optar por unha mutua colaboradora da Seguridade Social».



✓ **A prestación de servicios empeorará coa privatización**

Pola experiencia que temos, sempre que privatizaron servizos e coberturas dos traballadores e traballadoras, empeorouse a calidade dos mesmos, propiciando, decotío, vulneracións dos dereitos laborais das persoas traballadoras.

Como labregos e labregas, a nosa experiencia coas mutuas privadas é que poñen unha grande cantidade de atrancos co único obxectivo de aforrar os custos das coberturas: dende a negativa a conceder baixas labo-

rais a pacientes que o precisan por padecer patoloxías que lles impiden desenvolver o seu traballo, até forzar altas indebidas a pacientes que aínda non se recuperaron completamente das súas doenzas.

O novo Goberno, en troques de tentar mellorar a calidade das prestacións da Seguridade Social aos traballadores e traballadoras do réxime autónomo, opta por afondar aínda máis no proceso de privatización das coberturas sanitarias, dándolle novos nichos de negocio ás compañías de seguros privadas a custa dos dereitos laborais das traballadoras e traballadores.

Dende o Sindicato Labrego Galego, agardamos que os diversos partidos políticos, con independencia da súa ideoloxía, enfronten este novo recorte nos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras e expresen o seu rexeitamento a unha medida imposta a costas das persoas afectadas e dos seus dereitos laborais. Cun Goberno en minoría, non oporse a esta nova privatización dos dereitos dos traballadores e das traballadoras sería o mesmo que ser cómplice da mesma.

Cos últimos datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (Fega), podemos afirmar que Galiza segue a ser a grande damnificada no Estado das políticas de prezos das industrias e da falla de controis públicos do mercado.

O ano 2018 caracterizouse por unha curva descendente do prezo en toda España que tocou fondo nos meses de xullo e agosto, e que volveu remontar até recuperar valores semellantes aos de decembro de 2017. Así, o prezo medio de Galiza era, a finais de 2017, de 32'2 céntimos; baixou até os 30,3 céntimos en xullo e agosto e, en novembro de 2018,

LEITE ▶ Das 8.015 de decembro de 2017, pasamos a ter 7.592 en novembro de 2018

Galiza perdeu medio milleiro de granxas de leite en 2018

volveu subir até os 31,9 céntimos. Esta media sobe dous céntimos se é a nivel de Estado, con máximos de 33,4 céntimos e mínimos de 31,2 céntimos.

Coma sempre, estamos moi lonxe dos prezos que se pagan na veciña Asturias, cuxo

último prezo medio foi de 35 céntimos por litro. Sorprende que noutras comunidades como Cataluña que, en decembro de 2017, tiña un prezo medio semellante ao noso (32,9 céntimos), lograsen subir o valor do seu leite até os 35 céntimos do pasado novembro.

En canto ao descenso de granxas, 2018 foi o primeiro ano no que baixamos das 8.000. Así, se en decembro de 2017 tiñamos 8.015 explotacións leiteiras en activo, en novembro de 2018 quedaban 7.592. É de prever que, cando teñamos os últimos datos, o peche de granxas se achegue na Galiza ao medio milleiro en 2018.

DEFENSA DA TERRA ▶ Elixiron este concello coruñés pola relevancia acadada no conflito contra a mina de cobre

As Marchas da Dignidade denuncian a depredación de Galiza en Touro

Centos de persoas tomaron as rúas de Fonte Díaz, o 1 de decembro, nunha manifestación na que tamén participou o SLG

O pasado 1 de decembro, as rúas de Touro volvían encherse con centos de persoas en defensa da terra. Desta vez, a convocatoria foi das Marchas da Dignidade contra a depredación do territorio que se está a facer en toda Galiza por parte de empresas sen escrúpulos apoiadas, dunha maneira ou outra, polo goberno da Xunta.

Como non podía ser doutro xeito, a loita contra o proxecto de extracción de cobre de Atalaya Mining en Touro e O Pino acadou especial relevancia, pero non foi o único. No manifesto publicado con ocasión desta marcha, tamén se denuncia, especialmente, “a estafa das eléctricas”, que cobran “a electrici-

dade a prezo de ouro”, tras masacrar os ríos con encoros ou envelenar o aire coa contaminación das centrais térmicas.

Outra das denuncias do manifesto, ademais da que sinala os lumes forestais, di que “construíron unha celulosa e unha fábrica de cloro na Ría de Pontevedra provocando grandes emisións de nitróxeno e óxido sulfúrico á atmosfera, e de fósforo, cobre, mercurio e zinc á ría e converténdose nunha das industrias máis contaminantes de Galicia, e como iso non abundou, encheron os montes de eucaliptos para satisfacer as súas demandas coa complicidade da Xunta de Galicia e a indiferenza do goberno central”.

Unha vez máis, dende o SLG, como integrante das Marchas da Dignidade, secundamos esta manifestación, do mesmo xeito que seguimos a ser parte activa na loita en defensa da terra que foi o eixe central desta protesta.



Como noutras ocasións, o Sindicato Labrego Galego volveu apoiar a convocatoria das Marchas da Dignidade, desta vez polas rúas do concello de Touro

TRADICIÓN ▶ Organizámolo entre SLG e A Chave das Noces

O Magosto Labrego virou ao redor da proxección do documental “Santoalla”

Como xa comeza a ser tradición, o 24 de novembro celebramos en Castroverde (Lugo) o Magosto Labrego. Do mesmo xeito que en edicións interiores, organizámolo xunto coa Chave das Noces, que nos cedeu o seu local social en Montecubeiro.

Desta vez, ademais do viño e das castañas, tivemos unha palestra ao redor do filme *Santoalla*, de Andrew Becker e Daniel Mehrer. Este documental narra

a vida dunha parella holandesa, Martin Verfondern e Margo Poolm, que se afincou en 1997 na remota aldea de Santoalla do Monte, no concello ourensán de Petín, e da trágica morte do home, no ano 2010, asasinado por un veciño. Tras ver o filme, puidemos dialogar coa súa produtora, Cristina de la Torre, Xabier Bruña (enxeñeiro de montes) e Gemma Sampedro (ganadeira de cabrún), ao redor de



temas como o abandono rural, as aldeas que fican desertas, o illamento dos seus últimos moradores, ou de experiencias reais coas que se está a reverter

este proceso de degradación do noso campo.

Na parte festeira, tivemos a actuación do grupo de música tradicional Zucurrundullo.



POLÍTICA AGRARIA COMÚN ▶ A Coordinadora Europea da Vía Campesina logrou reunirse cun grupo de eurodeputad@s encabezado polo presidente da Comagri, Adam Siekierski

Campaña da ECVC en toda Europa para forzar unha viraxe labrega na PAC

A delegación presentou un documento con sete demandas fundamentais para mudar as políticas comunitarias no agro

Coincidindo coa presentación das emendas aos informes do Parlamento Europeo sobre a Política Agraria Común (PAC) post 2020, a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) desenvolveu unha campaña en toda Europa para insistir na necesidade de definir un modelo agrícola que sexa sostible e constitúa un verdadeiro apoio para as zonas rurais.

A ECVC insistiu en que a futura PAC debe garantirles rendas xustas aos labregos e labregas -equiparadas ao resto de profesións- e responder ás expectativas da sociedade. Isto implica a transición de tódalas granxas europeas cara a modelos sostibles e cara á agroecoloxía labrega, a preservación do medio ambiente e do clima, e garantir alimentos de calidade para toda a cidadanía -incluíndo as persoas desfavorecidas-. E, para isto, precisamos políticas públicas de regulación dos mercados.

Neste marco, unha delegación da ECVC reuníuse con de-

putados e deputadas da Unión Europea -entre quen se atopaba o presidente da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo (Comagri), Adam Siekierski- para presentarlles sete demandas fundamentais:

1. Manter a actividade agrícola labrega -orientada á produción de alimentos e non de agrocarburescentes- en tódolos territorios rurais, e dar prioridade á mocidade durante os primeiros anos de actividade, do mesmo xeito que na distri-

bución de axudas e na reserva dos dereitos de pagamento.

2. Fixar un tope obrigatorio dos pagamentos directos en 60.000 euros, con dedución do 50% dos custes laborais sobre a base dun contrato de traballo real, e cunha limitación máxima ao número de traballadores ou traballadoras; os eco-programas deben, igualmente, ser sometidos aos límites nas axudas.

3. Conceder un pagamento directo obrigatorio aos labregos e labregas de pequena escala,

a partir dun valor mínimo de axuda.

4. Manter o actual nivel das axudas acopladas e non aceptar que os cultivos destinados a agrocarburescentes se beneficien desta axuda.

5. Aquelas granxas baseadas en modelos agroecolóxicos deben ser recoñecidas dentro dos eco-esquemas. Estes últimos deben ser unha axuda e apoio a sistemas e modelos a favor do clima e do medio ambiente, e non a prácticas específicas dentro dun sistema agrícola intensivo.

6. Rexeitamos que haxa financiamento obrigatorio aos seguros agrarios para afrontar as crises de mercado. A xestión dos riscos debe atenderse con políticas públicas.

7. Tódalas axudas abonadas a labregos e labregas deben estar suxeitas ao cumprimento de requisitos comúns relativos aos dereitos e á acollida dos traballadores e traballadoras agrícolas (con referencia aos convenios internacionais do traballo), independentemente do seu status (labrego ou labrega, empregado ou empregada, xornaleiro ou xornaleira). Isto supón a inclusión dunha condicionalidade social na PAC.

Manifestacións en capitais como Lisboa e Londres

A presión por parte do movemento labrego europeo tamén se fixo de maneira descentralizada. A Confederação Nacional da Agricultura (CNA) mobilizou máis dun milleiro de labregos e labregas en Lisboa, que se concentraron en defensa da agricultura familiar e do mundo rural. Unha delegación entregou as súas principais propostas e reclamacións á Comisión de Agricultura e Mar da Asemblea da República e ao Primeiro Ministro de Portugal, Antonio Costa.

As nosas reivindicacións son as dunha grande parte da sociedade europea. Conforme a isto, unha coalición de organizacións europeas comprometidas coa loita por modelos de agricultura e alimentación sostibles -"Good Food, Good Farming"- marcharon fronte á sede do Parlamento británico en Londres, reclamando para o novo Reino Unido independente da UE un modelo agrícola sostible que sexa xusto e saudable para o campesiñado, a cidadanía e o medio ambiente.

I ENCONTRO LGTBIQ DA ECVC ▶ Celebrouse en Compostela e asistiron representantes de organizacións de Euskadi, Andalucía, Austria, Alemaña, Noruega, Bélxica e Gran Bretaña

Construíndo espazos para a diversidade sexual e de xénero no agro europeo

Durante tres días desenvolveuse unha apretada axenda con debates, reflexión, obradoiros e palestras

A Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) celebrou en Compostela, entre o 15 e o 17 de novembro, o seu I Encontro LGTBIQ. A el asistiron representantes de diversas organizacións agrarias que forman parte da ECVC, de países coma Euskal Herria, Andalucía, Alemaña, Austria, Noruega, Bélxica ou Gran Bretaña, ademais da propia anfitrioa: o Sindicato Labrego Galego.

*“Moitas veces as nosas axendas reivindicativas e de loitas están moi orientadas ao mundo exterior e, grazas a elas, logramos cambios e conquistas importantes para a sociedade. Pero, decotío, esquecémonos de ollar cara ao interior: cara ao interior das organizacións e cara ao interior das persoas. E a nosa reflexión é que é fundamental mirar ás persoas tamén, non coma seres illados e individualistas, tal e como pretende o sistema capitalista, senón como pezas fundamentais e esenciais para a construción do noso movemento coma un todo. Desde este punto de vista, precisamos tratar cuestións coma os afectos, as emocións ou a sexualidade para, como movemento feminista e antipatriarcal que somos, abranguer tamén tódalas diversidades dos suxeitos políticos que formamos parte da Vía Campesina”. Con estas palabras, enmarcaba o encontro **Paula Gioia**, membro do Comité Coordinador da ECVC, nunha rolda de prensa celebrada o 16 de novembro.*

Afondando nos motivos desta xuntanza de traballo, Paula Gioia engadiu que “un dos obxec-



Representantes de case unha decena de países da Unión Europea asistiron ao I Encontro LGTBIQ da ECVC en Compostela

tivos principais deste encontro é a creación, na ECVC, dun espazo para as persoas LGTBIQ para dialogar e intercambiar a partir da nosa realidade común”.

Precisamente, sobre esa crea-

ción de espazos para integrar e transversalizar a diversidade sexual e de xénero nas organizacións agrarias da Coordinadora Europea da Vía Campesina, tamén falou **Ángel Amaro**, acti-

vista LGTBIQ galego, para quen *“máis alá de que fiquemos acoutadas na loita verde, vermella ou lila; precisamos atopar outro tipo de metodoloxías que nos integre a todas, a todos e a todxs”.*

“Os dereitos LGTBIQ son tan importantes como reivindicar uns prezos dignos”

Na rolda de prensa de presentación do I Encontro LGTBIQ da ECVC tamén falou a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, **Isabel Vilalba** Seivane, quen argumentou a importancia de defender a diversidade sexual como unha cuestión fundamental para o SLG: *“Nos seus 45 anos de historia, o Sindicato Labrego Galego comprometeuse con diversas causas ligadas ao territorio e á profesión labrega: dende a defensa da terra nas Encrobas á loita polo dereito a producir do noso sector lácteo trala entrada na CEE. Moitas destas loitas naceron da aspiración das persoas a poder vivir dignamente do traballo labrego nun entorno que non fose hostil.*

Moi axiña, as mulleres tiveron necesidade de ter unha axenda reivindicativa propia e, de aí, xurdiu a Secretaría das Mulleres do SLG hai case trinta anos. Grazas a loitas coma a feminista, vimos que non só o sistema económico oprimía aos labregos e ás labregas, senón que existían, a maiores, outras estruturas opresoras como heteropatriarcado. Por iso, os dereitos das mulleres ou das persoas LGTBIQ para nós teñen a mesma importancia ca outras loitas como reivindicar uns prezos dignos xa que, dunha maneira ou outra, con cada unha delas non facemos outra cousa que defender a vida e a dignidade das persoas”.

SEGUE ▶



Ademais do traballo interno, houbo tres debates abertos ao público e á sociedade galega: “Neofascismo e capitalismo rosa: Como desmontar o pinkwashing?”, con **Daniela Ferrández** (Transamizando) e **Ángel Amaro** (activista LGTBIQ); “Encontros e desencontros entre o movemento LGTBIQ e o movemento feminista”, con **Ximena González** (Marcha Mundial das Mulleres); e “Historia do movemento LGTBIQ e retos de futuro para unha axenda da sexodiversidade transformadora”, con **Laura Bugalho** (activista LGTBIQ, transfeminista e a prol das persoas migrantes). A participación de todas estas activistas posibilitou un rico intreccambio de ideas entre a ECVC e o movemento LGTBIQ.

FIN ■

DEREITOS HUMANOS ▶ Culmina así un proceso de 17 anos de traballo iniciado e liderado pola Vía Campesina

A Asemblea Xeral da ONU aproba a Declaración dos Dereitos Labregos

Foi o 17 de decembro en Nova Iorque por unha ampla maioría de 121 votos a favor, 8 en contra e 52 abstencións

O 17 de decembro, na sede das Nacións Unidas de Nova Iorque, levábase a cabo a votación coa que se aprobaba a *Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais*. Foi na terceira comisión da Asemblea Xeral da ONU e por unha contundente maioría de 121 votos a favor, 8 en contra e 52 abstencións; entre estas últimas estivo a de España.

Conseguida a primeira conquista global do campesiñado, agora tócanos a cada organización de La Vía Campesina traballar na nosa área para levar os dereitos á práctica.

Nun comunicado, La Vía Campesina explicou que “*imos mobilizarnos e unirnos nos nosos respectivos países para influír co propósito de que se leven a cabo políticas e estratexias que contribúan ao recoñecemento e á aplicación dos dereitos labregos cunha rendición de contas. As violacións dos nosos dereitos a través do acaparamento de terras, os desalojos forzosos, a dis-*

criminación de xénero, a falla de protección social, as políticas de desenvolvemento rural deficientes e a criminalización poden, agora, co recoñecemento internacional oficial desta Declaración, ser afrontados con maior preso legal e político”.

Desta maneira, culminou un proceso iniciado hai 17 anos pola Vía Campesina e apoiado por movementos sociais e organizacións aliadas, como FIAN International e CETIM, e no que o Sindicato Labrego Galego tamén ten contribuído coa participación activa da súa secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane, en varias fases do proceso.

“*Esta Declaración é unha ferramenta importante que debe garantir e axudar a cumprir os dereitos dos labregos e das labregas*”, dixo a coordinadora xeral da Vía Campesina, Elisabeth Mpofo. “*Instamos a tódolos estados a levar á práctica a Declaración en detalle e con transparencia, garantindo aos labregos e labregas e ás comunidades rurais o acceso e control sobre a terra, as sementes campesiñas, a auga e outros recursos naturais. Como labregos e labregas, precisamos a protección e o respecto dos nosos valores e do noso papel na sociedade para acadar a soberanía alimentaria*”.



A ferida labrega



por Sabela Facal, labrega

O conto da sobrevivencia do noso agro anda a meio camiño entre neorruais que tentan sacar as súas ideas de vida adiante e uma mocidade herdeira de feridas abertas.

As primeiras tenhen o terreo difícil. Transformar o baldío en colheita e abrir portas desconhecidas para a sobrevivencia económica require de técnicas e coñecementos que, para a xente principiante, moitas veces fican lonxe.

Para as segundas, a cousa é diferente, mais non por iso máis doado. Para comezar, hai que superar un trauma, ás veces agochado no subconsciente, que é a baixa autoestima ou a desvalorización (propia ou dos demais cara a nós) por ser labregas ou de familia labrega. A sensación de que este oficio é un dos últimos camiños a escolher ou a única vía que che queda cando non hai outra posible.

Este é o froito duma sociedade que vive de costas á terra. Desconhecimento do que é a produción real de alimentos e da súa procedencia.

Vemos a fuxida de moitas irmás, veciñas ou amigas que deciden ou son emocionalmente empurradas a rachar este pesado patrón, a desvestirse de labregas para encher de orgullo e da tan deficitaria dignidade as súas familias vestíndose de NON labregas. Todos os camiños son lícitos, mais como e onde ficamos nós?

Ou o disimulo dalgún veciño que fica, mais disfraza a súa vida de mil e unha maneiras com tal de que non se note a terra nos seus zapatos.

E nós imos sentíndonos máis soas e sós.

Logo está o traballo. Non temos xefes, é verdade. Mais aínda que poda parecer una vantaxe, disfraza un conflito bem grande: a autoexplotación. Sen ninguén que nos marque horarios, corremos o risco de traballar de sol a sol, como fixeron ou fan os nosos pais e as nosas nais. Uma realidade que case ninguén desexa. Mais, se entramos na roda, logo custa moito fuxir. Uma roda preestabelecida non tanto por decisión absoluta dos nosos pais e nais, mais si polo modelo de traballo e polo modelo de economía ao que se viron empuxados a caminhar coa modernización, co “progreso” do campo e coas mudanzas dos espazos e dinámicas econó-

mico-sociais xurdidas de maneira moi rápida nas últimas décadas. Uma roda que agora atrapa a moitas coma uma rede da que non sabemos soltarnos.

O medo a dar un paso por camiños diferentes, primeiro dos pais e nais e, por arrastre, dos fillos e filhas que deben compartir traballo e, moitas veces, vida con esas persoas que comezaron a roda.

“Fomos arrastradas, case sem tempo de escolher, por un sistema famento de cartos pero pobre en humanidade e benestar. Un sistema que nos cargou ás mulheres con demasiado peso e pouca reciprocidade”

Posiblemente, fixérono coa ilusión e a esperanza dun futuro próspero, mais agora agonizan entre débedas e traballo excesivo, paralizadas por esse medo a que outra alternativa pode ser aínda peor. Isto inmoviliza as novas xeracións para avanzar e melhorar realmente a súa calidade de vida.

Se es mulher e ficas e, ademais, tes fillos ou filhas, o feito de “traballar en casa” carga no mesmo saco traballar na explotación e os coidados da familia. E a carencia de servizos (garderías, profesionais da saúde, escolas...) dificulta aínda máis a tarefa. Con-

secuencia: Mozos e homes sós. Falta de crianzas nas aldeas e vilas. Iso leva a desmantelar servizos sociais por ter poucas usuarias e xa temos a pescada que morde a súa cola. Mergulladas neste panorama, tal vez nos sintamos aínda máis soas e, por riba, coa sensación de que a responsabilidade é só nosa. Tal vez coa culpa de ter feito algo mal.

Mais se utilizamos unha vista de páxaro, vemos que somos moitas no mundo as que estamos nesta situación ou parecida. E se analizamos un pouco a situación, reparamos en que HAI ALTERNATIVAS, que fomos arrastradas, case sem tempo de escolher, por un sistema famento de cartos pero pobre en humanidade e benestar. Un sistema que nos cargou ás mulheres con demasiado peso e pouca reciprocidade. Que baleirou as aldeas de vida e de servizos. Que nos empurrou cara a uma ilusión urbana na que non vemos a parte oculta de miseria humana, igualiña que a nosa na aldea.

Se analizarmos ben a situación, non se trata da miseria da aldea versus o brillo do urbano. Nin da autoexplotación versus a explotación do xefe. Quizais se trate, máis ben, de nomear as feridas abertas para saralas e auto-devolvernos iso arrebatado non sabemos moi ben cando, nin exactamente como, pero que, con maiúsculas, nos pertence: a DIGNIDADE de ser LABREGAS. A partir de aí, pode que o mundo vire máis ao noso favor.



25N ▶ O 78% dos asasinatos machistas na Galiza cometidos nos dous últimos anos aconteceron en concellos cunha poboación feminina inferior ás 15.000 persoas

O SLG esixe solucións a unha violencia que se ceba coas mulleres do rural

Fíxose campaña contra o feminicidio con actos en Teixeira, Santa Comba, Lalín, Pontearreas, Vilalba, Betanzos, Arzúa, A Estrada ou Carballo

Con motivo do 25 de novembro, Día contra a Violencia Machista, a Secretaría das Mulleres do SLG e o Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) organizou unha xornada de reflexión e debate en Vilalba. Foi o 24 de novembro e contou coa participación de María Ferreiro, responsable da Secretaría das Mulleres do SLG; Marisa Barreiro, presidenta do Iescha; e Tania Merelas, doutora en Ciencias da Educación, experta en Xénero e Políticas Públicas de Igualdade e autora do libro *Comezar desde cero. Voces de mulleres recuperando as súas vidas*.

Un dos principais temas desta xornada foi a alta incidencia da violencia machista no rural. Se atendemos ao último informe estatístico do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), correspondente a 2015, a violencia machista ten maior incidencia nas zonas rurais que nas grandes cidades. Ese ano, o 55% dos casos de violencia a nivel estatal déronse en núcleos cunha poboación feminina inferior a 25.000 mulleres; o 31'6% se falamos de poboacións inferiores a 10.000. Esta alta incidencia da violencia machista en zonas decotío rurais, dáse tamén na Galiza: dos seis feminicidios rexistrados en 2017, cinco foron en concellos destas características (O Carballiño, A Estrada, Boiro, Redondela e Rianxo); dos tres feminicidios de 2018, dous (O Porriño e Cabana de Bergantiños). Así, o 78% dos asasinatos machistas



comunicacións; a carencia de servizos sociais, sanitarios ou de seguridade preto do domicilio; o temor ao desprestixio nun entorno onde todas as persoas se coñecen; ou, no caso particular das labregas, a falta de acceso a uns ingresos propios polo seu traballo ao non ser titulares da granxa, son lastres que condenan moitas mulleres do rural e labregas a padecer en silencio e sen apoios a violencia machista.

A alta incidencia da violencia machista debe obrigar ás autoridades a poñer en marcha, dunha vez por todas, políticas ambiciosas que sexan realmente efectivas á hora de rematar con esta lacra; pero, dende a Secretaría das Mulleres do SLG, queremos lembrar que esas medidas só serán papel mollado nas zonas rurais se segue o actual proceso de deterioro, abandono e desmantelamento.

Dúas imaxes da actividade ao redor do 25N da Secretaría das Mulleres: arriba, xornada do 24 de novembro en Vilalba; abaixo, *Conversas entre nós*, en Teixeira

na Galiza, nos últimos dous anos, foron en concellos cunha poboación feminina inferior a 15.000 mulleres, superando as estimacións do CXPX no Estado.

A nivel de Estado, dende o Observatorio da Violencia denuncian que a incidencia dos asasinatos machistas é até catro veces superior en zonas rurais que en ámbitos urbanos. Sen ir máis lonxe, en 2017 tivemos “a peor cifra de vítimas mortais de violencia de xénero no ámbito rural, xa que o 60% do total residían en municipios rurais”.

O illamento; a inexistencia de transporte público cando non se ten acceso a un automóbil; a deficiente cobertura nas teleco-

Actividades por toda Galiza para sementar apoderamento feminino

A Secretaría das Mulleres, directamente ou colaborando coa Asociación Labregas, levou a campaña do 25N a varias comarcas de Galiza co apoio financeiro das deputacións da Coruña e de Pontevedra. Colaborando coa Asociación Labregas, por exemplo, organizáronse varios obradoiros baixo o título “*Conversas entre nós*” en Teixeira, Betanzos, Arzúa e Santa Comba, nos que fixeron diálogos ao redor de cuestións relacionadas coa violencia machista, como os roles de xénero ou a desigualdade entre homes e mulleres. A Secretaría das Mulleres tamén organizou as xornadas “*Sementando igualdade*” en Lalín, A Estrada e Pontearreas con contidos semellantes. Finalmente, en Carballo fíxose unha actividade diferente: “*Mulleres construíndo soberanía alimentaria*”, na que participaron labregas que están a desenvolver destacados proxectos ou loitas, como Sabela Facal, do Forno das Candeas, ou María Pardo Barbeito que, dende hai anos, desenvolve un proxecto hortícola en Cerceda e ten que loitar contra as agresións da central térmica de Meirama.

Axudas para paliar os danos provocados polo lobo e o xabaril

XABARIL

Poderá solicitar axudas para compensar os danos provocados polo xabaril toda persoa que exerza a actividade agraria e estea inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

Esta orde abrangue os danos causados polo xabaril nos cultivos agrícolas que sexan comunicados desde o 1 de xaneiro até o 10 de outubro de 2019. De producirse o dano, debe comunicarse en 72 horas ao 012. Unha vez feito isto, a afectada terá un mes de prazo para solicitar a axuda.

LOBO

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras afectadas por ataques de lobos. As indemnizacións básicas poderanse incrementar dependendo do concello onde se produzan e da existencia de medidas preventivas. Tamén se indemnizan os gastos veterinarios e de eutanasia.

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será de 45 días naturais contados desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais, e pola morte de animais no

contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente, ou como consecuencia directa de tratamentos, manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico.

O prazo de solicitude destas axudas estará aberto até o **29 de novembro** de 2019.

Axudas á creación de empresas non agrícolas en zonas rurais

Axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Feader no marco do PDR 2014-2020. Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) Os titulares ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.

b) As microempresas e pequenas empresas de nova creación ou que inicien unha actividade distinta á que tiñan no momento da solicitude de axuda.

c) As persoas físicas que residan nunha zona rural e que creen unha nova empresa ou que inicien unha actividade distinta á que tiñan no momento da solicitude da axuda.

O prazo de solicitude remata o **4 de marzo**.

Axudas á protección integral contra a violencia de xénero

Estas axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e a súa finalidade é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero.

O importe xeral desta axuda será o equivalente a seis meses do subsidio por desemprego vixente, e que pode chegar a ser o equivalente a

doce, dezaioito ou vinte e catro meses do subsidio por desemprego vixente en función das rendas e ingresos, das responsabilidades familiares, ou do grao de discapacidade da solicitante e/ou familiares ou menores acollidos/as a cargo.

As axudas poderán solicitarse até o **30 de novembro**

Axudas para a prevención de ataques da fauna salvaxe

Axudas destinadas a reducir o impacto dos ataques dos lobos e dos xabarís. Subvencionarase:

1. **Cans** para a protección e defensa do gando, ata un importe máximo de 500 € por can.

2. Adquisición de **pastores eléctricos**. A contía máxima da axuda por explotación é de 600 €.

3. Adquisición de **valados fixos electrificados**. O importe máximo

da axuda será de 3,00 € por metro lineal até un máximo de 1.500 € por valado.

4. **Valados fixos** con malla gandeira ou cinxética metálica. A contía máxima da axuda será de 3,70 € por metro lineal ata un máximo de 3.700 € por valado.

O prazo de solicitude remata o **8 de febreiro**. Máis información en calquera oficina do SLG.

Axudas a pequenas instalacións enerxéticas de biomasa

Subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa, como caldeiras de pellets ou leña, destinadas a particulares.

Para solicitar estas axudas, é ne-

cesario contactar cunha empresa autorizada pola para encargarlle o proxecto, sendo a propia empresa a que formaliza a solicitude de subvención.

O prazo de solicitude remata o **28 de febreiro**.

Axudas de benvinda por ter fillos ou fillas ou por adopcións

Axuda para as familias que en 2019 teñan un fillo/a, adopten ou sexan declaradas en situación de garda con fins adoptivos. Contía:

1. 1.200 € por cada fillo ou filla durante un ano a razón de 100 €/mes.

2. Para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 €, a axuda ampliarase no segundo ano de vida

e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución de adopción ou garda con fins adoptivos.

O prazo de solicitude será de dous meses a partir da data de nacemento ou da resolución para a garda con fins adoptivos ou adopción.

Bono de alugueiro social do Plan RehaVita

Axudas do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita: Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, para o ano 2019.

As axudas serán dun máximo de 225 € ao mes e dun mínimo de 175 €,

dependendo do concello onde esté a vivenda alugada. Tamén se pode acceder a axudas para custear avais e fianzas dun contrato de aluguer por un máximo de 600 €.

O prazo de solicitude estará aberto até o **13 de decembro**.

Prestación para mulleres que sofren violencia de xénero

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica.

A contía destas axudas dependerá

das rendas e ingresos da muller solicitante, e poderán ir dun mínimo de 300 €/mes até un tope máximo de 800 €/mes.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto con carácter permanente.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Herba seca en rulos de 1,40. Do ano 2018. Na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).
☎ 619 267 520 (Carlos)

Véndese

-Citróns Xsara do ano 2005, con 170.000 Km. Con distribución cambiada.
☎ 659 993 345 (Xoán)

Véndese

-Dous pneumáticos Goodyear 380/70 R24 radiais, en bo uso.
☎ 657 390 490

Véndese

-Rolos de herba seca de 2018, de 1,20 x 1,40. Boa calidade.
☎ 680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndese

-Rotativa Bonino 35.
-Autocargador Magal de 7 coitelas.
-Cisterna de zurros de 8.000 litros.
☎ 626 194 490

Véndese

-Xata de 7 meses.
-Xato de 8 meses.
Ambos inscritos en Acruga.
☎ 662 519 255

Véndese

-Cisterna Carruxo 10.000 l.
-Carro mesturador Cereijo 9 m³.
-Silo de penso de 5.000 litros.
-Remexedor de zurros.
-Termo de corrente para quentar a auga.
-Estendedor da herba do silo.
☎ 670 898 481

Véndese

-Poldro das vacas, seminovo, manual. Prezo a negociar. na zona de Meira.
☎ 982 330 623

Véndese

-Cámara de queixo.
-Prensa de queixo
☎ 981 788 859

Véndese

-Carro de coche en moi bon estado. Autorizado para levar animais. Medidas 120x160.
☎ 634 655 361

Véndese

-Rotativa pequena.
-Plastificadora.
-Cuba de auga de 2.500 l.
-Batedor de zurros.
-Remolque.
-Segadora BCS.
-Ringleirador.
☎ 669 836 716 (Lola)

Véndese

-Todo Terreo Pick-Up NP-300 Nissan, en perfecto estado. Con ITV e seguro até marzo. Con tódolos extras e mantementos ao día. Color verde. Prezo 9.390 €
☎ 634 690 429 (Fran).

Véndese

-Silo de penso de 5.000 kg con dous compartimentos.
-Remolque para coches.
-Depósito de gasóleo.
-Poldro para mirar os pés das vacas.
-Pezas mecánicas dun Peugeot 205.
Na zona de Cambre.
☎ 667 925 467

Véndese

-Viño Barrantes e do país.
☎ 986 689 486

Véndese

-Aboadora de péndulo marca Aguirre.
-Pincho para coller rulos.
-Canón de gasóleo para dar calor.
-Monomando de sirgas roque con distribuidor.
☎ 650 019 275

Véndese

-Picador Pottinger 40 m³. Con estenderos. Moi bo estado.
-Arado de 3 regos marca Ovion. Automático.
-Aboadora 500 kg, con accesorio para sementeira de herba.
-Sala de muxido con 8 puntos marca Fullwod. Moi económica. Por peche de explotación. Zona de Friol (Lugo)
☎ 982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Poldro para mirar os pés das vacas.
-Trabadiza.
-Manga de sanear gando.
-Remolque de ballestas e autocargador en bo uso.
O Corgo
☎ 689 752 400 (Xosé)

OUTROS

Regálanse

-Dous cachorros de can de raza pequena.
En Barcia, Regoela (Cabanas).
☎ 644 791 378 / 981 446 501

Arréndanse

-Naves e almacén a pé de estrada, en Forcarei (Pontevedra). Lugar de Rabadeiras, 32
☎ 669 836 716 (Lola)

Búscase

-Traballador para explotación de vacas de carne en Castroverde (Lugo). Contrato a xornada completa. Condicións a negociar.
☎ 696 944 555 / 982 312 235



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Axudas a investimentos no sector vitivinícola

Axudas para a execución de medidas de investimentos no sector vitivinícola en Galicia establecidas no programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español. Serán admisibles as operacións relativas a investimentos tanxibles ou intanxibles que axuden a acadar, polo menos, un dos obxectivos estratéxicos seguintes: Fomen-

tar o asociacionismo, a sustentabilidade integral das industrias, o aforro e a eficiencia enerxética, certificacións ambientais, a produción ecolóxica, a calidade, o incremento da dimensión empresarial, os investimentos en comercialización, a introdución de tecnoloxías dixitais, etc. O prazo de solicitude remata o **31 de xaneiro**.



Asesoría para mulleres do rural



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas
que te maltraten.
Solicita axuda
no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Cecilia é valdeorresa de raíz. Se cadra por iso, aínda que se formou como bióloga, acabou entre viñedos. Foi traballando como inspectora do Consello Regulador de Valdeorras cando lle naceu a vocación, hai uns quince anos. Dende aquela, tivo tempo de licenciarse en Enoloxía e traballar para adegas da Rioxá, O Bierzo ou Valdeorras. Iso foi até 2016, cando naceu Icía. Nese alto no camiño, decidiu mudar de rumbo e abrir unha consultoría enolóxica que compaxina co traballo nos viñedos familiares.

“Contra os estereotipos, na miña empresa traballamos tres mulleres”

✓ Por que decidiches abrir unha consultoría en vez de traballar para adegas?

A experiencia profesional traballando para adegas foi moi enriquecedora, e estou moi agradecida por todo o que aprendín. Pero supoño que a todas nos chega un momento na vida no que necesitamos comezar un proxecto persoal e propio.

A idea de montar unha consultoría enolóxica xurdiu do coñecemento do sector, da observación das necesidades que hai na zona e de como se podían tratar para darlles solución. En Valdeorras, xa hai laboratorios enolóxicos, de aí que a miña consultoría buscasse ser unha empresa que fose máis alá.

Así, nós ofrecemos asesoría enolóxica, laboratorio, viñoteca, sala de catas, organización de presentacións, alugueiro de maquinaria e de espazos para almacén, venda de produtos enolóxicos, etcétera.

✓ Non tiveches a tentación de acabar facendo ti a túa propia marca de viño ou de xestionar os teus propios viñedos?

Iso é un tema pendente, para futuro. Agora quero continuar traballando, coñecendo e disfrutando de facer viños. Cunha adega faría só o meu viño pero, traballando para outra xente, podo elaborar varios viños cada ano. Iso é moito máis creativo e supón un maior desafío, xa que implica ter que buscar perfís diferentes para cada adega.

✓ Aínda que cada vez é maior a presenza feminina no mundo do viño, cando empezaches de seguro que non era así. Segue a ser un sector moi masculinizado?

Recordo que, no meu primeiro traballo, estaba de prácticas con outros dous compañeiros. Eu facía traballos na adega e o xerente, ao verme, preguntoulle ao enólogo se eu era válida para esa responsabilidade, dúbidas que non expresou respecto dos meus compañeiros homes.

Continúa a ser un mundo moi masculinizado e, aínda que a presenza feminina vai



aumentando, sobre todo en postos técnicos, segue a ser moi minoritaria.

Contra os estereotipos, no caso da miña empresa estamos traballando, agora mesmo, tres mulleres. Así e todo, seguimos atopando persoas ás que non lles gusta que unha muller lles diga o que teñen que facer, tanto na viña como na adega.

✓ Cres que a recuperación de viñedos e a profesión vitícola poderían ser un revulsivo contra a desertización do rural e o desemprego xuvenil?

Por suposto. Dende hai anos, o campo está moi deostado e non ten atractivo para a xente moza. Penso que non se nos inculcou o amor ao traballo e á terra e, por iso, hai tanto desapego por parte das persoas máis novas. É máis, aquelas persoas que queren dedicarse a traballar no campo, son tratadas case de loucas. Para min, son moi valentes.

Polo menos, a día de hoxe, no sector vitícola hai máis demanda que oferta de traballo. De feito, coñezo varias adegas que buscan persoal e que non atopan.

✓ Que papel poderían desempeñar nisto as denominacións de orixe?

Polo que vexo, as denominacións de orixe están máis orientadas á promoción e comer-

cialización que ao traballo sobre a viticultura. Creo que debería haber maior transmisión de coñecementos e comunicación entre as persoas que traballan as viñas, e isto poderíase facer a través dos consellos reguladores pola súa proximidade. Refírome a redes de alarmas para enfermidades ou manexo de vexetación para distintas afectacións. Nos últimos anos sufrimos xeadas, sarabiadas e enfermidades e, en moitos casos, non se sabía como actuar.

✓ Cres que a Xunta está a facer todo o que debe polo sector?

Penso que a Xunta ten capacidade para apoiar con maior forza o sector: fomentando o asociacionismo, coa posta en marcha programas de formación de persoal cualificado para tarefas de viticultura que fomenten unha maior profesionalización ou dando facilidades a tódalas novas incorporacións, e non me refiro só na parte económica, senón tamén con axuda en trámites de documentacións, licenzas, etcétera.

Dende os diferentes organismos dependentes da Xunta lévanse a cabo moitas investigacións no ámbito agrario que despois non teñen a repercusión que deberían sobre os viticultores e viticultoras e outras profesionais agrícolas. Toda esa información producida debe ser de dominio público. A maiores, a Xunta debería apostar polas oficinas agrarias comarcais para axudar nesa difusión.

Tamén é necesario mellorar o acceso ao Rexistro Vitícola, ben facéndoo similar á cartografía do Sixpac ou do Catastro, ou ben adaptando a cartografía á do Sixpac. En zonas como Valdeorras, Sixpac e Rexistro Vitícola son moi diferentes e orixinan moitos problemas para o arranque, as plantacións e mesmo no cambio de titularidades.